

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
99999999	DLG Conselleria de Educación	Santiago de Compostela	2025/2026

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Música	2º ESO	2	70

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Música do 2º curso da educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia de Música á realidade deste centro e a do seu alumnado no 2º curso.

Os obxectivos propostos para a materia de Música na etapa da educación secundaria obrigatoria pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Neste 2º curso, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; no afianzamento dos principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; na comprensión e o respecto das normas básicas de actuación en público e a asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da Comunidade Autónoma de Galicia así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para traballar os contidos da materia non só na unidade didáctica na que se presentan por primeira vez senón no resto de unidades didácticas e se manexen, afiancen e amplíen de forma continua ao longo de todo o curso xa que na música, ao igual que o resto das linguaxes, o coñecemento adquirese de forma acumulativa e a que a sintaxe musical constrúese manexando os conceptos previos dos que se parte para construír sobre estes novas estruturas máis complexas a través dunha aprendizaxe en espiral.

Quérese recalcar como principal obxectivo desta programación a busca da creación dun público crítico que valore a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser música ou músico ou bailarina ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber poñerse no lugar de traballo das e dos artistas. Soamente a través da experiencia pódese comprender a dimensión da música, os seus contidos, o traballo en equipo, a perseveranza, a autonomía e o compromiso co resto de persoas, o que supón subirse a un escenario a estrear un proxecto, e a esa experiencia é a que se pretende chegar co traballo que se realice ao longo do curso.

Esta programación adáptase aos grupos de alumnado nos distintos niveis desde diferentes enfoques para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe que nesta programación didáctica se propón: dun lado, tendo en conta as necesidades educativas de cada alumna e de cada alumno así como a diversidade que presenten; doutro lado, en relación ao número de alumnado presente en cada grupo e as posibilidades en canto a espazos e recursos dos que dispón o departamento didáctico e o centro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio	Unidade didáctica sobre os elementos que conforman a música (duración, altura, intensidade e timbre). Permitirá pescudar, a modo de avaliación diagnóstica, que aprendizaxes se interiorizaron por parte do alumnado na educación primaria, e poder amplialas. Os distintos parámetros do son trataranse de xeito máis minucioso nas seguintes unidades. Tamén se traballarán nesta unidade a importancia da escoita activa, e o concepto de contaminación acústica e as súas consecuencias.	5	4	X		
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura	Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos e melódicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan as ditas	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura	figuras, notas en clave de sol en 2ª liña, concepto de intervalo...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal, e analizando as melodías a través da escoita activa mediante actividades de soundpainting ou similares e do uso da voz para entoar ou instrumentos. O punto de partida será o coñecemento dos sons e as melodías a nivel auditivo. Partirase tamén da práctica para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica.	10	8	X		
3	Harmonía: introdución aos acordes básicos	Dise que a harmonía é a parte máis cerebral que conforma a música. Así como o ritmo se asocia á parte física e corporal máis elemental do ser humano e a melodía coa parte emocional, porén o concepto de harmonía aparece máis adiante na historia da música sendo o elemento racional desta. A maioría das melodías que escoita o noso alumnado hoxe en día adoitan ter unha textura de melodía acompañada, isto é, unha melodía asentada sobre unha base ou sucesión de acordes. Por iso é importante que dito alumnado comprenda o concepto de acorde, a formación de acordes básicos (especialmente os tríadas maiores e menores), e as funcións tonais básicas de (tónica, dominante e subdominante).	5	4	X		
4	Texturas e formas musicais	A forma e a textura son dous elementos que axudan a poñer orde na música facilitando a súa comprensión. A textura é o modo en que combinamos os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos nunha composición ou fragmento musical. Nesta unidade didáctica traballaranse de forma xeral os 4 tipos de textura (monodia, polifonía, contrapunto e melodía acompañada) amosando a súa aparición ao longo da historia da música. A forma musical é a estrutura utilizada no momento de crear unha obra, coa fin de ordenar os distintos elementos que conforman a música e facer que sexa comprensible. O concepto de forma comeza coa comprensión dos motivos, frases e semifrases, para diferenciar despois seccións máis longas e procedementos de creación como a repetición e a variación. Clasificaranse as principais formas en vogais e instrumentais. Neste curso introduciranse algunhas delas como a forma binaria e ternaria, a forma rondó e	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Texturas e formas musicais	algunhas formas da música popular e urbana.	10	8	X		
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea: Timbre I	Nesta unidade didáctica o alumnado aprenderá as características básicas das familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos), centrándose o estudo principalmente nos instrumentos da tradición musical occidental Europea e as principais agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia), estudando nas unidades didácticas seguintes outros instrumentos musicais propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.	10	6		X	
6	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto. Timbre II	A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma máis natural e completa de expresión musical. Cada voz é única e inimitable e consegue mover as emocións do ser humano. Nesta unidade o alumnado aprenderá como funciona o corpo humano para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces segundo a súa tesitura e as principais agrupacións vocais para as que, ao longo da historia, as compositoras e os compositores teñen escrito música. Tamén diferenciaranse técnicas e formas de cantar ao longo da historia da música, desde a voz impostada da ópera ata outras técnicas utilizadas nas músicas populares, no jazz e nas músicas urbanas, sempre a través dun enfoque práctico, co que o alumnado coñecerá o seu corpo e as posibilidades da nosa súa voz.	10	6		X	
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade	A música e a danza tradicional e popular en Galicia teñen peculiaridades que a diferencian das músicas do resto do país e do mundo, por iso cómpre escoitalas, analízalas e estudalas, xa que son as músicas da nosa contorna. Ademáis eses trazos específicos da cultura musical e dancística galega inflúen e mestúranse na actualidade con outros estilos que están presentes en todo o mundo a través da globalización como a música clásica contemporánea, o jazz, e os estilos urbanos. Así, nesta unidade didáctica, o alumnado descubrirá, ademais do folclore e a tradición, as fusións entre esta e outras músicas, coñecendo outros estilos, artistas e agrupacións actuais que interpretan jazz, rock, pop ou outros estilos musicais feitos	10	6		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade	en Galicia.	10	6		X	
8	Música e danzas de España e do mundo	<p>A variedade de músicas que existen no mundo é infinita desde as orixes do ser humano. Aínda que as músicas de diferentes lugares parecen moi diferentes ás da nosa contorna, porén, existen certas similitudes básicas entre todas elas, pois todas se basean en patróns rítmicos ou melódicos dalgún tipo. A organización deses elementos é o que as fai diferentes e diversas.</p> <p>Nesta unidade didáctica interpretaranse e estudaranse algunhas músicas de diferentes lugares de España e do mundo, coa fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas, así como a súa importancia e influencia nas músicas actuais.</p>	10	6		X	
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e guiada, introdución ao Jazz	<p>Improvisar é a arte de crear e executar no momento, de xeito espontáneo seguindo ou non unhas pautas.</p> <p>A improvisación permite desenvolver a creatividade e as propias ideas a partir do mundo musical interiorizado. Por iso é preciso traballar distintas técnicas de improvisación, desde a libre ata a través de directrices establecidas en certos tipos de música.</p> <p>Xa desde a Idade Media a improvisación estaba presente tanto na música relixiosa como na secular. Durante o período Renacentista, Barroco e Clásico as e os intérpretes improvisaban, entre outros, os adornos das melodías e as cadencias dos concertos. No século XX, o jazz é a música na que a improvisación reina e máis se ten desenvolvido, tanto na parte musical como nas danzas asociadas a este estilo.</p> <p>Nesta unidade didáctica traballarase de xeito práctico a improvisación, comezando pola improvisación libre, ata chegar a directrices guiadas, pasando pola comprensión de como se constrúe a improvisación nun estándar de jazz.</p>	10	6			X
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine	<p>A música popular urbana xorde no século XX. Aparece tras a II Guerra Mundial primeiro nos Estados Unidos de América difundíndose despois ao resto de Europa masivamente a través dos medios de comunicación como a radio, a televisión e o cine.</p> <p>Nesta unidade didáctica preténdese achegar ao alumnado ás principais</p>	10	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine	correntes da música actual, analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo a súa capacidade crítica coa fin de fomentar un consumo consciente e responsable de música.	10	6			X
11	Música e tecnoloxía: ferramentas dixitais de edición, recepción e creación	<p>A finais do século XIX logrouse por primeira vez capturar o son rexistrándoo nun soporte. Desde ese momento, a relación entre música e tecnoloxía ten ido da man ata a actualidade.</p> <p>As novas tecnoloxías da comunicación e da información están presentes en todo o proceso musical, desde a composición á interpretación, pasando pola forma de consumo de música. Sen a tecnoloxía electrónica e os medios de comunicación de masas a música popular urbana e a música no cine serían inconcibibles.</p> <p>A educación musical non pode permanecer allea a esta relación, por iso é importante formar ao alumnado no uso e manexo consciente das distintas ferramentas tecnolóxicas e dixitais para a recepción, edición e creación de música, sempre a través da práctica, e implicándoo na creación de proxectos grupais que plasmen as súas inquiredanzas tecnolóxicas.</p>	5	5			X
12	Música en vivo: son músico e son público	<p>A música está feita principalmente para ser interpretada en público, en vivo e en directo. O traballo dun músico faise principalmente antes do concerto, en todas as horas de ensaios e estudo persoal previas ao concerto.</p> <p>Participar en actividades musicais de montaxe de repertorio coa fin de interpretalo en público, permite comprender, apreciar e valorar o papel das músicas e dos músicos na sociedade, convertendo ao alumnado nun público máis sensible e respectuoso. Por iso, é importante educar ao alumnado como público desde a experimentación do traballo das músicas e dos músicos, vivindo a emoción e os nervios de subirse a un escenario a interpretar o repertorio preparado.</p>	5	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas



UD	Título da UD	Duración
1	Parámetros do son: ruído, música e silencio	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.	TI	100
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música respectando as preguntas formuladas polo resto de compañeiras e compañeiros e falando nas quendas indicadas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras propostas con corrección, recoñecendo os elementos básicos que conforman os parámetros do son e recoñecendo tamén a súa representación gráfica na música.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Elementos rítmicos e melódicos: duración e altura	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler, coa destreza esixida neste curso, os exercicios e as partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos rítmicos e melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.	TI	70
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións das compañeiras e dos compañeiros gardando silencio nos momentos nos que as e o resto formule as súas dúbidas ou executen o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Harmonía: introdución aos acordes básicos	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os tipos de acordes e funcións tonais traballados nesta unidade didáctica explicándoo a través das partituras e obras a executar.	PE	40
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, os sentimentos e as emocións suxeridos polas obras e os exercicios traballados nesta unidade didáctica segundo a sucesión e os tipos de acordes escoitados.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler nas partituras traballadas os tipos de acordes e funcións tonais estudados nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Texturas e formas musicais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas e formas estudadas encadrándoas na época histórica axeitada.	PE	60
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as formas musicais da música clásica ou culta e as formas musicais da música popular e urbana traballadas nesta unidade didáctica.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas os tipos de textura e as formas estudados nesta unidade didáctica.	TI	40
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características da música estudadas, respectando as preguntas do resto de persoas e falando nas quendas indicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Instrumentos da tradición musical occidental Europea: Timbre I	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións clasificándoos por familias e segundo a época correspondente.	PE	40
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características técnicas específicas dos diferentes instrumentos musicais estudados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.	TI	60
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras instrumentais propostas nesta unidade didáctica.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e as agrupacións traballados nesta unidade didáctica, valorando a súa importancia e a súa influencia nas músicas actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto. Timbre II	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os distintos tipos de voz, as distintas agrupacións vocais estudadas e as formas de cantar, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar, cun vocabulario adecuado, a función do canto das distintas agrupacións vocais e as formas de colocar a voz segundo o seu contexto histórico e época.	TI	70
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler partituras sinxelas a unha ou dúas voces, para poder interpretalas mediante o canto.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Cantar de forma individual e grupal seguindo as indicacións técnicas e musicais do profesorado.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas vocais propostas nesta unidade didáctica, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Música e danza en Galicia: desde o tradicional ata a actualidade	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os trazos característicos das músicas e as danzas da cultura galega: instrumentos utilizados, tipos de compás, estruturas, tipos de danzas.	PE	40
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais das obras propostas do patrimonio artístico galego.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas cos elementos estudados nesta unidade didáctica, seguindo as pautas dadas polo profesorado.	TI	60
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Valorar as músicas e as danzas do patrimonio galego traballadas e estudadas nesta unidade didáctica, amosando respecto cara as mesmas.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear pezas propias (individuais ou en grupo, musicais ou dancísticas), baseándose nos elementos propios da cultura musical galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Música e danzas de España e do mundo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características musicais (instrumentos, ritmo, características melódicas...) das distintas culturas estudadas, asociándoas a cada lugar específico.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expoñer ideas sobre as músicas e as danzas tradicionais e populares do patrimonio cultural galego e doutras culturas do mundo, recoñecendo a influencia de certos ritmos tradicionais nas músicas actuais.	TI	60
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar instrumental ou vocalmente con corrección, de maneira individual e grupal, as pezas propostas nesta unidade didáctica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.</li> <li>- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A improvisación na música e na danza: improvisación libre e guiada, introdución ao Jazz	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas cales se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade didáctica, achegando ideas propias e con respecto cara as suxestións do resto de compañeiros e compañeras.	PE	25
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas propias, sentimentos e emocións nas actividades de improvisación propostas nesta unidade didáctica, investigando con mentalidade aberta as propias posibilidades e os recursos improvisatorios.	TI	75
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuír a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan fragmentos improvisados, seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

UD	Título da UD	Duración
10	Música popular urbana, medios de comunicación e cine	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as principais características das músicas urbanas, así como a función da música no cine e os medios de comunicación.	PE	20
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica que permita executar instrumental, vocal ou corporalmente as músicas traballadas nesta unidade didáctica.	TI	80
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e a creación de propostas artístico-musicais grupais desenvolvidas nesta unidade didáctica.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección as músicas propostas nesta unidade didáctica.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuír a crear un proxecto de repertorio grupal propio, no que se inclúan pezas de música urbana ou cinematográfica, seguindo as directrices propostas polo profesorado.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear ou interpretar unha peza musical ou dancística con elementos propios da cultura musical galega, propoñendo o seu uso para unha escena cinematográfica ou anuncio de radio ou televisión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> <li>- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Música e tecnoloxía: ferramentas dixitais de edición, recepción e creación	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Coñecer e utilizar diferentes soportes audiovisuais para escoitar, visualizar e analizar diferentes partituras e pezas musicais e dancísticas.	TI	100
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Manexar as ferramentas dixitais de edición, creación e secuenciación de partituras traballadas nesta unidade didáctica.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Crear un proxecto musical, individual ou grupal, seguindo as pautas dadas polo profesorado, no que se utilicen medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Música en vivo: son músico e son público	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler con corrección as partituras que conforman o repertorio a interpretar nesta unidade didáctica.	TI	100
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica e necesaria instrumental, vocal e corporal estudada ao longo do curso para preparar o repertorio traballado nesta unidade didáctica.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade didáctica, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara ao resto de persoas.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais como colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e a creación da proposta escénico-artística ideada para esta unidade didáctica.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección, na clase e en público, repertorio das diferentes culturas musicais estudadas.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participar na creación de medios audiovisuais que acompañen o repertorio proposto nesta unidade didáctica, e axudar a xestionar a organización das actuacións en vivo con dito repertorio.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear composicións musicais ou dancísticas con elementos propios da cultura galega, para interpretalos en vivo co resto do repertorio proposto nesta unidade didáctica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.

## Contidos

- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.
- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.
- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por que ser lineal no tempo, é dicir, á vez que se traballe, por exemplo, a unidade sobre a música popular urbana e os medios de comunicación, pódense engadir aprendizaxes doutras unidades didácticas como música e tecnoloxía; ou preparando ao alumnado para actuar en público, aprendizaxes como os da unidade didáctica da música en vivo, ou co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas que se seguirán nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación será a de aprender facendo.
- A planificación do ensino farase sempre con base na vivencia da experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosará o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta, e farase destacable a través dos contidos transversais, a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá coa materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical e das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais; e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, a autonomía, a reflexión e a meditación sobre o grao de responsabilidade de cada persoa no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades didácticas: actividades introdutorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado; actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos pertencentes á dotación de aula
Aula virtual do centro
Equipamento de reprodución de vídeo e audio da propia aula
Apps e programas informáticos: Musescore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimúsica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936
Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Zamora, A.; "Danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011); "Chorbuch, singen ist klasse". Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A. "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editorial. ISBN: 978-84-941134-8-2.
"Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10". Ediciones Bosworth.
Bedford, D.; "An exciting new game for children of all ages". Londres. Universal Edition.
Web <a href="http://www.atrilcoral.com">www.atrilcoral.com</a>

En relación ao anterior indicar:

- Os instrumentos que se empregarán forman parte do repositorio de instrumentos que están a disposición do profesorado no Departamento de música. En xeral, será instrumental Orff,.
- Na aula virtual do centro incluíranse os distintos recursos e actividades da materia e que estarán a disposición do alumnado.
- En canto ao uso de software, en xeral empregarase software libre relacionado con programas para a edición de partituras e o tratamento do son.

En relación aos materiais bibliográficos de difusión xeral, propostos no aliñado anterior, sinálase o enfoque que se lles pode dar así como as unidades didácticas nas que poderían ter cabida:

- "Percusión corporal": Libro con pequenas pezas de percusión corporal para ler individualmente ou en grupo. Recoméndanse os primeiros exercicios do libro para utilizar nas unidades 2, 4 e 12, para traballar desde o ritmo ata as dinámicas, as texturas, a forma musical e preparar algunhas das pezas do libro para interpretar en público.
- "Flip a rhythm": 4 volumes en dous libros con exercicios rítmicos para percutir a dúas mans ou en parellas ou grupos. Práctico para comezar a ler figuras musicais en distintos compases. Tarxetas combinables para utilizar na unidade 2.
- "Body Tap": Pezas grupais de percusión corporal con CD con bases musicais para tocar por enriba. Estilos de samba, reggae, swing... Pezas que se poderían usar nas unidades 2, 4 e 12.
- "Na punta do pé": Músicas e danzas tradicionais de Galicia. Libro con CD e DVD. Para utilizar nas unidades 7 e 12.
- "Danzas del mundo 2": Libro para traballar danzas de distintos lugares do mundo, aplicable na unidade 8.
- "Músicas del mundo": Libro e CD sobre músicas de distintos lugares do mundo: África, Bali, India, China... para utilizar na unidade 8.
- "Musicalia Orff-instrumentarium": Libro de arranxos instrumentais para instrumentos Orff. Para traballar en distintas unidades ao longo do curso. Dependendo das pezas, cada unha delas encaixa en unidades distintas ao longo desta programación didáctica.
- "Breve historia del rock": Libro e CD con acompañamento sobre diferentes estilos de rock. Para utilizar nas unidades 10 e 12.
- "Breve historia del jazz": Libro e CD con acompañamento para 5 pezas orixinais que ilustran as principais correntes do jazz. Para utilizar nas unidades 9 e 12.
- "El canto en la historia y en el mundo": Libro e CDs con fragmentos musicais de distintos estilos, ilustracións, bibliografías de cantantes, e dúas partes diferenciadas sobre o a historia do canto e o canto no mundo. Para utilizar na unidade 6.
- "Voyage a capella": Método de canto coral para iniciarse no canto e na lectura musical. Unidades 6 e 12.
- "Folklore musical Español": Colección de 12 libros co cancionero de Nadal, cancionero infantil español, cancioneros de distintas comunidades autónomas de España. Unidades 7, 8 e 12.
- "Chorbuch, singen ist klasse": Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar. Unidades 6, 9, 10 e 12.
- "Cantos tradicionales españoles": Selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais. Unidades 6, 9 e 12.
- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": Espirituais tradicionais dos Estados Unidos con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo. Unidades 6, 8, e 12.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": Este libro afronta a cuestión de como ensinar a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil. Unidade 6.
- "El sonido se transforma": Repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacións de como realizar arranxos vocais para esta etapa. Unidade 6.
- "Der junge Pop chor": 10 volumes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femininas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés. Unidades 6, 10 e 12.
- "An exciting new game for children of all ages": Partitura de música contemporánea, disposta coma un taboleiro de xogos no que os movementos realízanse lanzando os dados e ase e os participantes producen sons ou silencio segundo as instrucións dadas. Pode interpretarse con todo tipo de instrumentos. Unidades 5, 8 e 12.

- "Musescore": Programa gratuito de edición de partituras. Unidade 11.
- "Audacity": Programa gratuito para mesturar e manipular pistas de audio. Unidade 11
- "Garageband": Programa gratuito para sistema Mac co que se pode gravar música e mesturar e manipular pistas de audio. Unidade 11.
- "Music maker jam": App que é un pequeno estudo de grabación de 8 pistas nas que se poden mesturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuíta con algúns contidos de pago. Unidade 11.
- "ireal": App de pago que funciona como un "Play alone", é dicir, que toca os acordes de cancións para que se poida cantar ou tocar por enriba. Pódense atopar cancións xa creadas ou escribir o esquema harmónico da propia canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e o estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan. Unidade 11.
- "Music studio lite": App cun piano virtual e con instrumentos gratuítos para tocar e gravar. Algúns instrumentos son de pago. Unidade 14.
- "Loopstation": App para mesturar distintos loops. Gratuíta con algunhas partes de pago. Unidade 11.
- "Web atril coral": Web con partituras de coro gratuítas de todas as épocas e estilos. Válido para todas as unidades didácticas.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

No referido á materia de Música, a avaliación inicial neste 2º curso da educación secundaria obrigatoria terá por obxecto tomar consciencia dos coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que na Comunidade autónoma de Galicia esta materia non se imparte durante o 1º curso da etapa.

Para a dita avaliación inicial utilizarase como referente a primeira unidade didáctica onde se fai un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria. Presentarase unha pequena partitura na que o alumnado terá que nomear os símbolos que aparecen nela, así como lela e interpretala coa frauta e/ou os instrumentos de placa, e o profesorado disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e cada alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán ítems como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices; e na propia partitura, terá que sinalar e nomear os elementos indicados. Xunto co anterior tamén se fará unha pequena proba que permita avaliar as destrezas no movemento e a danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz. Ao mesmo tempo, a avaliación inicial e as primeiras sesións de clase deseñaranse de tal modo que permitan observar aspectos xerais como a expresión oral e escrita, a lectura e comprensión da mesma...

A avaliación inicial realizarase nas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado existente por aula.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	10	10	10	10
Proba escrita	0	30	40	60	40	30	40
Táboa de indicadores	100	70	60	40	60	70	60

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	5	5	100
Proba escrita	40	25	20	0	0	30
Táboa de indicadores	60	75	80	100	100	70

### Criterios de cualificación:

Para calcular a cualificación trimestral do alumnado nesta materia terase en conta o seguinte:

- O referente para a cualificación do alumnado será a cualificación que se obtén en cada criterio de avaliación en relación ao seu grao de consecución (cómpre tomar en consideración que o instrumento de avaliación utilizado informa sobre o nivel de desempeño acadado respecto do criterio de avaliación).
- En cada unidade didáctica, a cualificación da mesma será a media das cualificacións obtidas nos distintos criterios de avaliación; esta media ponderarase en relación aos pesos atribuídos a cada criterio de avaliación en cada unidade didáctica.
- A cualificación do trimestre obterase de aplicar a media das cualificacións das unidades didácticas impartidas no dito trimestre. Como o tanto por cento indicado fai referencia ao curso, aplicarase o correspondente cálculo para aplicar esas mesmas porcentaxes prorrateadas á avaliación correspondente. No caso das unidades didácticas que se desenvolven nos tres trimestres, o prorrateo será dobre: o peso total prorratearase por trimestre e logo aplicarase o prorrateo que lle corresponda xunto ao peso do resto de unidades didácticas.

Para calcular a cualificación trimestral do alumnado nesta materia terase en conta o seguinte:

- A cualificación final do curso resultará do cálculo da media das tres cualificacións trimestrais.
- Considerarase que se supera a materia cando, ao rematar o curso, a cualificación correspondente á media ponderada dos criterios de avaliación sexa igual ou maior que 5,0.
- No caso de cualificacións con decimais, os redondeos faranse sempre á cualificación sen decimais inmediatamente superior cando a cualificación a redondear remate en 0,5 ou decimal superior.

### Criterios de recuperación:

Para a recuperación dos criterios de avaliación non superados nos trimestres anteriores, terase en conta o seguinte:

- O alumnado terá, polo menos, unha oportunidade por trimestre para recuperar os criterios de avaliación non



superados nas unidades didácticas dos trimestres anteriores. Ao inicio do trimestre, o profesorado daralle as oportunas indicacións.

- Para a recuperación dos criterios de avaliación de trimestres anteriores, os instrumentos de avaliación utilizados poderán ser distintos dos utilizados previamente para avaliar o criterio de avaliación a recuperar. Nese caso, informarase ao alumnado con anterioridade de cal vai ser ese novo instrumento de avaliación.
- Procurarase que os criterios de avaliación que teñan carácter transversal se recuperen no marco das distintas unidades didácticas nas que se poidan desenvolver.

Unha vez superado o criterio de avaliación dunha unidade didáctica, substitúese a súa cualificación na táboa de criterios de avaliación avaliados desa unidade didáctica, consolidando xa esa nova cualificación. De non superar o criterio de avaliación pero si obterse unha mellor cualificación, esa mellor cualificación tamén se recollerá na táboa de criterios de avaliación avaliados (empregarase esa nova cualificación para facer media). Cos criterios de avaliación de nova cualificación, valorarase de novo a unidade didáctica e recalcularase a valoración do trimestre.

O alumnado que así o desexe, poderá presentarse ás distintas oportunidades de recuperación para mellorar a súa cualificación nalgún dos criterios de avaliación, se así o desexa. De presentarse e mellorar a súa cualificación, esta mellora incluírase na táboa de criterios de avaliación avaliados por unidade didáctica e recalcularase a puntuación da mesma e a cualificación do trimestre.

En todo caso, a cualificación final de curso da materia resultará do cálculo da media das cualificacións trimestrais. Considerarase que se supera a materia cando, ao rematar o curso, a cualificación correspondente á media ponderada dos criterios de avaliación sexa igual ou maior que 5,0.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os criterios de avaliación non superados ou, no seu caso, mellorar as cualificacións obtidas. Para iso, indícaráselle a cada alumna e a cada alumno, o procedemento que corresponda para a recuperación ou, no seu caso, mellora de cualificacións das súas unidades didáctica e, por extensión, trimestres. Coas novas cualificacións acadadas, de ser mellores que as anteriores, calcularase a cualificación final de curso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias clave correspondentes segundo os descritores operativos das mesmas cos que os obxectivos se relacionan. Con este propósito garantiranse as seguintes accións:

1. Todo o alumnado que teña pendente a materia de Música de 2º estará matriculado nun curso específico na aula virtual.
2. O alumnado con materia pendente recibirá unha serie de tarefas, actividades e/ou exercicios propostos pola profesora ou o profesor responsable da materia neste nivel educativo, baixo a dirección do Departamento, que estarán a disposición do alumnado na aula virtual.
3. O seguimento do progreso ao longo do curso farase de forma presencial (un mínimo de 3 reunións ao longo do trimestre) e a través da aula virtual e realizarao o profesorado que imparta docencia neste nivel educativo.
4. O alumnado será avaliado dos criterios de avaliación correspondentes á materia mediante tres probas, o que non impide que se poidan utilizar outros instrumentos de avaliación sempre que non interfiran coa marcha do curso no resto das materias e que se poidan ofertar a todo o alumnado coa materia de Música de 2º curso pendente.

Para tal fin, antes do 20 de setembro, o profesorado que imparta a materia de Música deste nivel educativo planificará unha reunión co alumnado que teña a dita materia sen superar, na que se lle entregará un documento informativo, aprobado polo departamento didáctico, que deberá conter:

1. Os criterios de avaliación, cos seus mínimos, e os procedementos e instrumentos de avaliación a aplicar.
2. A descrición do curso de pendentes na aula virtual.
3. Tarefas a realizar e as súas datas de corrección. Estas tarefas deben facilitar o proceso de recuperación. Consistirán na realización de tarefas/actividades/exercicios similares aos que serán obxecto de avaliación nas probas escritas. Constarán de tres bloques, cada un correspondente a unha proba escrita. Serán corrixisas pola profesora ou profesor responsable da materia pendente nese nivel educativo nunha xuntanza presencial co alumnado, que terá lugar na semana lectiva anterior á correspondente proba escrita. Ademais, ao longo do curso proporanse as actividades que se considere necesario, a través da aula virtual.

- 4. Datas das probas escritas, especificando os criterios de avaliación obxecto de avaliación nelas. Realizaranse tres probas, en datas que non interfiran coas correspondentes ás materias do curso. Aínda que o calendario proposto precise dun acordo de centro, unha aproximación a modo de punto de partida podería ser:
  - Primeira proba na última semana de outubro.
  - Segunda proba na segunda semana de febreiro.
  - Terceira proba na última semana de abril.
- En todas as probas contemplase a posibilidade de recuperar os criterios de avaliación non superados en probas anteriores.

En relación coas familias, terase en conta que:

- A persoa que exerza a xefatura de departamento enviará, a través da plataforma Abalar, un comunicado ás familias, indicando a documentación que se lle entregou á súa filla ou o seu fillo. De non recibir resposta, enviarase esa documentación á familia por correo certificado.
- Ao longo do trimestre, o profesorado responsable do seguimento deberá comunicar á familia a situación da alumna ou do alumno vía Abalar, ou ben nas reunións que a familia teña coa persoa titora.
- En cada un dos trimestres, xunto cos boletíns de cualificacións, comunicaráselle ás familias como é a evolución da súa filla ou o seu fillo na recuperación da materia pendente.

En relación á cualificación da materia pendente, terase en conta que:

- Os criterios de cualificación son os mesmos que se aplican no curso ordinario a esta materia neste nivel educativo. A cualificación asígnaselle ao criterio de avaliación (non depende do instrumento utilizado) en relación ao grao de consecución do mesmo.
- A cualificación será a media ponderada das asignadas a cada criterio de avaliación segundo as porcentaxes indicadas no elemento 5.2 desta programación didáctica.
- Considerarase que a materia pendente foi superada cando ao rematar o curso a cualificación correspondente á media ponderada dos criterios de avaliación sexa igual ou maior que 5,0.

No período comprendido entre a data da sesión de avaliación do terceiro trimestre e o remate do curso garantiráselle ao alumnado a posibilidade de recuperar os criterios de avaliación non superados.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e as actividades propostas. O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á súa inserción e promoción. Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para iso, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias será fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo, entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conscientes de que se persegue acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os mínimos de consecución, tratarase de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaranse multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- Favorecerase a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistirase en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favorecerase o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de orientación, realizaranse as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceranse os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favorecerase a continuidade na materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesorado de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesorado de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para as e os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos contidos traballados.
- Unha frecuente comunicación coas familias ou persoas de referencia resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais porque poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar coas súas fillas e cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Disporase de plans de acollida ao alumnado estranxeiro aquelas e aqueles que se incorporen tardiamente ao sistema educativo.
- Recálcase tamén a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X			X	X	X		
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual								
ET.5 - A competencia dixital								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial		X					X	X
ET.8 - O espírito científico	X	X	X		X			
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde						X		
ET.12 - A educación afectivo-sexual								
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes		X		X		X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático								
ET.19 - A educación para a sustentabilidade								
ET.20 - A educación para o consumo responsable		X			X	X	X	X
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito		X		X		X	X	X
ET.23 - O respecto mutuo		X	X			X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura				
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual			X	X
ET.5 - A competencia dixital			X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial	X	X		X
ET.8 - O espírito científico				
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde				X
ET.12 - A educación afectivo-sexual				X
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático				X
ET.19 - A educación para a sustentabilidade			X	
ET.20 - A educación para o consumo responsable	X	X		
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X		
ET.23 - O respecto mutuo	X	X		X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Música pretende e permite dar cabida, en maior ou en menor medida, a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presenza ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

En relación a algúns destes elementos transversais, recóllense indicacións sobre como abordalos:

- Comprensión da lectura: a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Cooperación entre iguais e o emprendemento social e empresarial: a través de actividades que impliquen creación de proxectos grupais.
- Igualdade entre mulleres e homes: a través da utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable e espírito crítico: a través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado formarase unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.
- Respetto mutuo e educación emocional e en valores: a través de actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais do resto e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como, por exemplo, explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na saúde e nas vidas etc.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións abertas a distinto público	Actuacións públicas relacionadas con distintas festividades que se celebrarán ao longo do curso.	X	X	X
Concerto didáctico	Asistencia a un concerto didáctico no que escoitar música e recibir unha explicación do que se escoita.		X	
Musiqueando	Participación neste festival musical con actividades na rúa.			X
Conferencias e videoconferencias divulgativas	Reunións vía web con persoeiros galegos e non galegos que desenvolven traballos relacionados cos contidos da materia neste curso	X	X	X

**Observacións:**

Calquera actividade complementaria proposta terá como obxectivo axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso. Ademais, na medida do posible, no caso de saídas fóra do centro, de ser posible tratarse de organizar esa saída con outros departamentos didácticos para que o aproveitamento da mesma sexa maior.

Toda actividade proposta deberá contar coa autorización do centro educativo para poder desenvólvela, en especial as que impliquen saídas fóra do recinto educativo.

Para cada actividade complementaria elaborárase un pequeno informe no que se recolla información para os seguintes aspectos:

- Obxectivos
- Profesorado responsable
- Alumnado participante
- Datas e lugar de celebración
- Repercusións económicas

En relación ás distintas actividades propostas:

- En relación ás actuacións abertas a distinto público, en xeral, membros da comunidade educativa. As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en distintos momentos do curso. Cabe a posibilidade de que, nalgún dos casos, se busque a outro centro de referencia para facer unha actuación conxunta nalgún auditorio da zona. Desde o Departamento de música considérase de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral. No seu caso, trataríase de xuntar alumnado de varios centros e buscar algún auditorio dalgunha asociación cultural para facer un festival conxunto aberto a todo tipo de público da zona e non só as familias.
- En relación á asistencia a un concerto didáctico, durante o segundo trimestre organizarase unha saída fóra do centro para que o alumnado viva a experiencia dun concerto en vivo e no que poder tamén poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase.
- Musiqueando é un festival musical no que participan distintos centros de todo o país, con concertos escolares na rúa e actividades en rede.
- As charlas ou conferencias con persoas especialistas ou que traballen aspectos relacionados cos contidos da materia alternaranse ao longo do curso en relación ás posibilidades e ao interese das mesmas para o alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptase ás características do grupo de alumnado.
Os instrumentos de avaliación empregados adecúanse ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
As actividades propostas intentan achegar o currículo a situacións da vida real.
Promóvese o traballo colaborativo e en equipo respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe.



Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar.
Utilízanse recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Utilízanse as alternativas metodolóxicas que mellor se adaptan á construción que cada alumna/o fai na súa aprendizaxe.
Adáptanse os tempos ás necesidades do alumnado tanto na realización das tarefas como na avaliación.
Adáptanse os procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Proporcionáanse ao alumnado as táboas de indicadores de avaliación para que saiban como e de que se lles vai a avaliar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación periódica co resto do profesorado do grupo.
Infórmase periodicamente ás familias do progreso académico do alumnado.

### Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo... ou ben comparar a experiencia con outras compañeiras e compañeiros docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final do departamento.

En relación aos indicadores de logro:

- Temporalización da programación e das unidades didácticas. Mediante unha listaxe de control reflectirase se a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo tanto as unidades didácticas como a programación xeral.

- Deseño e desenvolvemento das unidades didácticas. Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse dous instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo; e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

- Uso correcto e axeitado dos materiais destinados ao desenvolvemento das clases. Mediante unha listaxe de incidencias controlárase e valorárase o uso do material recollendo aspectos como uso e abuso do material por grupo, material que precisa cambio ou renovación, material desaparecido ou inutilizado...

- Faise seguimento dos mecanismos de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe. Mensualmente no departamento didáctico analízanse, por parte do profesorado, o desenvolvemento das distintas medidas de atención á diversidade de cara a realizar os axustes necesarios.

- Rendemento do alumnado e resultados de aprendizaxe. Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

- Motivación do alumnado, ambiente nas sesións e actuación persoal da persoa docente. Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, mediante a reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou tutorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

- Información ao alumnado e as familias da programación. Mediante unha listaxe de control avaliarase se alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais, controlárase se o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Música estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da programación didáctica, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados

previstos.

- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia programación didáctica.
- Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da programación didáctica, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

- 1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
- 2. A secuenciación das unidades didácticas propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
- 3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
- 4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
- 5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
- 6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
- 7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
- 8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
- 9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: Plan lector, TIC, Convivencia....
- 10. Realizouse un seguimento regular da programación didáctica por parte do departamento.
- 11. Avaliouse o cumprimento da programación didáctica aplicando unha escala de 1 a 5.
- 12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da programación didáctica.
- 13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recollenanse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na programación didáctica do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da programación didáctica a través da aplicación Proens.

## **9. Outros apartados**